

## Igrexas

Dentro do amplo patrimonio eclesiástico do municipio cabe destacar as igrexas de San Pedro de Muras, que ten unha Torre do Campanario separada; Santa María do Burgo, con retablos barrocos e neoclásicos; Santa María da Balsa, con elementos góticos e renacentistas; Santa María do Viveiro, que despunta polo seu pórtico e unha talla de tradición románica; e Santo Estevo de Silán, dunha soa nave que conta cun retablo neoclásico.

## Cruceiros

En Muras hai 117 cruceiros e cruces identificados e catalogados. Por iso, o Concello deseñou 10 rutas que percorren todas as parroquias para visitalos.

A información completa e o mapa poden descargarse da web municipal [www.concellomuras.es](http://www.concellomuras.es).

## Feira do Poldro e Gando do Monte

Os cabalos salvaxes e as vacas pastando en liberdade constitúen unha das estampas más típicas da serra, polo que non é de estranhar a súa importancia na vida e economía de Muras. Mostra disto é a "Feira do Poldro e Gando do Monte" que se celebra o último domingo de setembro no Alto da Gañidoira. Concursos, exposiciones, actividades, exhibicións, degustacións gastronómicas e, como non, música que atraen cada ano a tratantes e visitantes de toda a Comunidade.

## Feira do Mel de Montaña

A tradición apicultora da zona ten a súa expresión festiva na "Feira do Mel de Montaña" en novembro. Unha fantástica oportunidade para conecer e saborear este produto ecológico e artesán.

## GASTRONOMÍA

### Muras

- Café Bar Santi 982 500 026
- Café Bar A Volta 982 500 090
- Café Bar O Peregrino 982 500 022

### O Viveiró

- Casa Cándida 982 188 168
- Casa Víctor 982 168 450

# MURAS, O CORAZÓN DO XISTRAL

## Castros

Varios castros dan conta da antigüidade do poboamento desta área: Picheira, Paredes, Corrusco, Castillón, Xalgaz, o Castro do Coto e o existente no Burgo, catalogado no Inventario de Bens Patrimoniais da Xunta.

## O SENDERISMO

Boa parte dos tres tramos que transcorren por antigos caminhos e carreiros perfectamente acondicionados paña a permitir o tránsito a pé. Case todos elas están delimitadas por valados ou chantas e, por suposto, existen indicadores, planos de situación e paneis informativos ó longo do percorrido.

¶ Dificultade Baixa  
♀♂ Distancia 2,8 km  
Tempo 1h - 1h 15'


**Ruta do Río**  
43.466211, -7.745544

¶ Dificultade Baixa  
♀♂ Distancia 6,2 km  
Tempo 2h 15' - 2h 45'

**Ruta da Fraga**  
43.466426, -7.7255862

¶ Dificultade Baixa  
♀♂ Distancia 2,8 km  
Tempo 1h - 1h 15'

**Muras**  
43.466426, -7.7255862  
Superficie 165,23 km<sup>2</sup>



**Carelle Grande**  
43.449056, -7.768535  
Superficie 23,15 hectáreas

43.453528, -7.749601

¶ Dificultade Baixa  
♀♂ Distancia 2 km  
Tempo 45'

**Carracedo**

¶ Dificultade Media - Baixa  
♀♂ Distancia 1,5 km  
Tempo 30' - 45'

## EXCURSOS

A singularidade e o atractivo natural do trazado quedan especialmente de manifiesto na variedade de especies vexetais identificables. Carqueixas, ericas, brións, plantas bulbosas, xestas e toxos comparten solo con ameñeiros, bidueiros, carballos, castiñeiros, acívoros e freixos, entre outros árbores.

## FAUNA

Estes son algúns dos animais que viven polas terras de Muras: cucos, andorriñas, estorniños, pardais, pombos, perdices, paparollos, petos, rulas, minatas, aguia culeibreiras, azores, pintxos, sapos, lagartas, esquilos, dornicelas, coellos, porco espínos, toupas, lontras, morcegos, raposos, xabarís, cortzos...

## ▲ Serra do Xistral

A Serra do Xistral conecta coa da Carba no concello de Muras, dando como resultado unha paisaxe única que encadea cumios cubertos de mestas néboas con pastos e brañas. Un espazo natural protexido, pertencente á Rede Natura 2000, digno de ser visto, conservado e respectado.

## ○ Ornitoxoxía

A observación de aves silvestres no seu ambiente natural permite achegarse á natureza desde un punto de vista singular e privilexiado. Os núcleos de poboación de Muras e O Viveiro están situados na Área de Turismo Ornitolóxico, así que disponen excelentes puntos de partida para os interesados.

## Ecoturismo

### Entre ríos

O Eume, o Landro e o Sor bañan as terras do municipio, dotándoo de zonas de exuberante vexetación de ribeira. Ademais, o primeiro deles conforma unha fermosa paraxe ó seu paso pola capital, onde existe unha área recreativa con merendeiro e praia fluvial para desfrutar dun día no campo.